

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE FEBREIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 19 de febreiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 15 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey (asiste a todos os puntos agás o 3b e 3c)
D. Santos Héctor Rodríguez (asiste aos puntos 3b e 3c)

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 1a, 2a, 6 e 11)
D. Pablo Olmos Pita (asiste aos puntos 2b, 2c, 2d e 3)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2b, 2c, 3b, 3c e 6a)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2a, 2d, 3a e 3d)
D. Benjamín Collazo Rodríguez (asiste ao punto 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 12 de febreiro de 2018

Apróbese a acta da sesión do 12 de febreiro de 2018 cos votos de D^a. M^a Jesús Lago Rey, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.
 2. JARDINCELAS, S.L.
 3. HPC IBERICA, S.A.
 4. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
6. ELSAMEX, S.A.
7. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. ORESA, S.L.
 2. ELSAMEX, S.A.
 3. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
 4. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
 5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 7. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 8. NAROM, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral no que se relacionan os licitadores presentados a este procedemento e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Dáse conta da incidencia recollida no anterior certificado: “*Así mesmo, o día 15 do presente, recibíuse unha oferta da empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L., sen que conste comunicación previa, agás un fax recibido o día 13, sen ningún contido, soamente coa data “13/02/2018” a hora e lugar de envío “20:03 PONTEAREAS” e o numero de Fax “ 986640637 82448”.* Lese, así mesmo, o informe emitido polo xefe do Rexistro Xeral en relación con esta incidencia.

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

- Non admitir a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) por ter presentado a súa proposición o 15 de febreiro de 2018, fóra do prazo de presentación de ofertas (que remataba o 13) sen que se teña constancia do anuncio de remisión da oferta no mesmo día da súa presentación na oficina de Correos, como esixe o artigo 80.4 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (“*Cuando la documentación se envíe por correo, el empresario deberá justificar la fecha de imposición del envío en la oficina de Correos y anunciar al órgano de contratación la remisión de la oferta*”).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



mediante télex, fax o telegrama en el mismo día”).

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.
 2. COPCISA, S.A.
 3. ORESA, S.L.
 4. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
 5. ELSAMEX, S.A.
 6. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 7. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
 8. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
 9. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 10. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI, S.L.)
 11. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)
 12. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES COVELO - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 13. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
 14. NAROM, S.L.
 15. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.
 2. LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.
 3. BRICANTEL ESPAÑA, S.L.
 4. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A proposición presentada por JARDINCELAS, S.L. non cumpre as esixencias previstas na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares (“*Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá achegarse unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital achegado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado*”). En consecuencia, A Mesa acorda, por unanimidade, conceder ao licitador un prazo de tres días hábiles para que emende a súa proposición, achegando escrito asinado por persoa con poder de representación acreditado no que subscriba a proposición presentada na data 13 de febreiro de 2018 (registro de entrada nº 180023692).

Asiste á apertura D. Juan Carlos Vilariño, con DNI 33.250.543-K, en representación de CALFENSA PROYECTOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A proposición presentada por EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. non cumpre as esixencias previstas na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares (“*Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá achegarse unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital achegado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado*”). En consecuencia, A Mesa acorda, por unanimidade, conceder ao licitador un prazo de tres días hábiles para que emende a súa proposición, achegando escrito asinado por persoa con poder de representación acreditado no que subscriba a proposición presentada na data 12 de febreiro de 2018 (registro de entrada nº 180023160).

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



referida documentación técnica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Asisten á apertura: D. Antonio Armesto Herbella, con DNI 34.259.828, en representación de LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.; e D. Juan Carlos Vilariño, con DNI 33.250.543-K, en representación de CALFENSA PROYECTOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 13 de febreiro de 2018. A Mesa de Contratación acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda:

1. Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan polo motivo previsto na cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares (“*Comportase erro manifesto no importe da proposición*”):
 - Lote 1:
 - FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
 - Lote 2:
 - UTE CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA - GESECO
 - ALTHENIA, S.L.
 - Lote 3:
 - UTE CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. COPASA - GESECO
2. Iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:
 - Lote 2:
 - UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lote 3:
 - FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
 - ALTHENIA, S.L.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do concello de Vigo” (8280-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do concello de Vigo” (8280-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de xaneiro de 2018 por non acadar o umbral don 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor relativo á organización dos medios persoais.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019) (8.280-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100,00

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.084,06 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o día 9 de febreiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 15 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor do 23 de xaneiro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de febreiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o procedemento aberto para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do concello de Vigo" (8280-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 200.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.710,74 euros, cunha redución do 3% aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3G das FEC do PCAP.*
- b) *Comprométese a efectuar sen custo para o Concello:*
 - o *45 h/ano de programador*
 - o *37 h/ano de analista programador*
 - o *12h/ano de director de proxecto*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 16:39	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A44A-5H5DE7-D1DFC8-H9JMYA-GH46M9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		